

XORNADAS TÉCNICAS

ORGANIZA

*Concello de Melide
Concellaría de Medio Rural*

COLABORA

*Consellería do Medio Rural
Dirección Xeral de Montes e
Industrias Forestais*




**VALORIZACIÓN DO
SECTOR FORESTAL E
MULTIFUNCIONALIDADE
DO MONTE NA
COMARCA
DA TERRA DE MELIDE**

Melide

Hotel Carlos 96

23 e 24 de xaneiro de 2009

**Aberto ao público
Confirmación de asistencia
ás xornadas no teléfono
615.946.927**



Desde que existe o home o monte estivo presente como parte imprescindible da súa existencia e evolución, proporcionándolle acubillo e alimento.

Xa na idade recente, o monte foi base indiscutible da economía rural galega, madeira, leñas, froitos, pasto, caza e gando formaban o groso alicerce que sustentaba as casas de labranza no noso país.

A avaricia do home fixo abandonar as formas de economía tradicionais por modelos foráneos e fortemente atractivos pola facilidade de enriquecemento que amosaban, mais que o tempo demostrou pouco efectivos e menos sostíbeis. Nun momento no que o modelo económico neoliberal se atopa plenamente cuestionado, no que os problemas ecolóxicos e ambientais derivados dos usos da terra polo modelo anterior se está a manifestar a nivel mundial, parece lóxico pensar que é preciso unha volta atrás para sermos capaces de seguir avanzando sen comprometer as xeracións futuras.

O xeito tradicional de explotación forestal forma parte da nosa cultura como pobo, se ben é certo que como sociedade avanzada debemos aplicar os coñecementos silvícolas actuais ao sistema de explotación forestal.

Co desenvolvemento destas xornadas pretendemos demostrar que o monte galego pode e debe ser mantido e protexido, ao tempo que a súa explotación resulta rendíbel e sustentábel. Na actualidade existen múltiples experiencias que nos demostran que a obtención de rendas complementarias á actividade agraria son posíbeis a través do desenvolvemento de programas silvícolas e silvopastoris no monte galego.

Ana Isabel Ramos Rúa
Concelleira de Medio Rural do Concello de Melide

Venres, 23 de xaneiro

10.00 a 10.15: Inauguración das xornadas

D.ª M.ª Socorro Cea Vázquez
Alcadesa de Melide

10.15 a 11.00: Sistemas silvopastorais, achega ecolóxica, economía e sistema de prevención de incendios. Integración da gandería na xestión forestal.

D. Antonio Rigueiro Rodríguez
Universidade de Santiago de Compostela.

11.00 a 11.30: Pausa – café

11.30 a 12.15: Multifuncionalidade do monte e política enerxética. Unha oportunidade para o fortalecemento do mundo rural.

D. Xavier Simón Fernández
Universidade de Vigo

12.15 a 13.00: Experiencia asociativa de produtores de biomasa forestal primaria no sur de Galicia. A biomasa forestal. Cultivos enerxéticos, posibilidades na Terra de Melide.

D.ª Carmen Boente Cima
Enerxil (Mancomunidade de produtores de biomasa forestal primaria no sur de Galicia).

13.00 a 14.00: O monte, fonte de vida a través da biomasa. O aproveitamento da biomasa en cultivos enerxéticos leñosos: unha nova oportunidade para a valorización do monte.

D.ª Raquel Dopazo Amoedo
Universidade de Vigo

14.00 a 16.00: Xantar.

16.00 a 16.45: Os cogomelos, complemento económico forestal ás explotacións agrarias. Regulación e comercialización dos cogomelos.
D. Julián Alonso Díaz.
Dr. Ciencias Biolóxicas. Presidente da Sociedade Micolóxica LUCUS. Lugo.

16.45 A 17.30: Valor sociocultural do patrimonio forestal de Galicia, funcións do monte: estado actual e necesidades de conservación dos bosques galegos.
D. Manuel Antonio Rodríguez Guitián
USC. EPS Lugo

17.30 a 18.00: Pausa – café

18.00 a 19.00: O proxecto para aproveitamento de superficie forestal no Concello de Allariz
D. Bernardo Varela López.
Concelleiro do Medio Ambiente de Allariz e coordinador da Reserva de Biosfera da Área de Allariz.

Sábado, 24 de xaneiro

10.00 a 11.00: BANTEGAL, outra medida para a ampliación da base territorial.
Francisco José Ónega López
Director do Banco de Terras de Galicia.
Consellaría do Medio Rural

11.00 a 12.00: As unidades de xestión forestal – UXFOR- como ferramenta de integración social e territorial para a posta en valor do monte galego.
D. Xosé Antonio Meixide Fernández
Asesor forestal da Consellaría de Medio Rural

12.00 a 12.30: Pausa- café

12.30 a 13.30: Incentivos para o desenvolvemento multifuncional do monte en Galicia.
D. Juan Miguel Concheiro Abal
Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.
Consellaría de Medio Rural.

13.30 a 14.00: Clausura das xornadas.
D. Antonio Oca Fernández
Director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.